



ACTA NÚM. 01 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2019.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son **as 16:35 horas** do día **17 de xaneiro de 2019**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.

Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.

Dona Branca Petra Novo Rey.

Don Xan Xesús Duro Fernández. (Ausente en toda a sesión plenaria)

Dona Concepción Fernández Fernández.

Don Manuel Díos Diz.

Dona Marta Irene Lois González.

Don Rafael Peña Vidal.

Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.

Dona M^a José Castro Carballal

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.

Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

Dona María José Corral López.

Don Manuel Martínez Varela.

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.

Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Don Pedro José Rey Sanchiz.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.

Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

1- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 20 de decembro de 2018, núm 19 e á sesión extraordinaria do día 29 de decembro de 2018, núm 20.

2- Toma de posesión do cargo de concelleiro de don Antón Barba Pereira (PSdG-PSOE).

3- *Aprobación definitiva do Estudo de detalle da parcela 2 do quinteiro 18096 do parque empresarial da Sionlla. Rúa de Murcia, número 5.*

4- *Aprobación definitiva do Estudo de detalle para a rehabilitación integral dos grupos de vivendas Cardenal Quiroga Palacios e Compostela, no barrio de Ponte Pedriña.*

5- *Aprobación definitiva da Modificación puntual do catálogo do PXOM:*
Corrección de erros na ficha D-061 (Casa Lavacolla). Creación das fichas D-061 (a), D-062 (b-c) e D-061 (d)

6- Proposición do grupo municipal do PSdG-PSOE, relativa ao cumprimento do pacto social contra a pobreza, de data 08 de xaneiro, numero de rexistro 2.

7- Proposición do grupo municipal Popular, sobre a urxente definición dunha alternativa viable para a NOVA EDAR de Santiago e a garantía para o seu financiamento, de data 08 de xaneiro de 2019, numero de rexistro 08.

8- Proposición do grupo municipal do BNG, para reiterar a necesidade de crear un plan para substituír as tubaxes con amianto da rede de abastecemento de augas, de data 08 de xaneiro de 2019, numero de rexistro 12.

9- Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

Dase conta ao Pleno da Corporación das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas comprendidas entre o día 23 de novembro e o 4 de decembro de 2018, números 8257 ao 8591.

Así mesmo dase conta das seguintes actas da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Nº 89, da sesión extraordinaria-urxente de data 28 de novembro de 2018.

Nº 90, da sesión ordinaria de data 30 de novembro de 2018.

Nº 91, da sesión ordinaria de data 07 de decembro de 2018.

Nº 92, da sesión extraordinaria-urxente de data 11 de decembro de 2018.

Nº 93, da sesión ordinaria de data 14 de decembro de 2018.

Nº 94, da sesión extraordinaria-urxente de data 17 de decembro de 2018.

Nº 95, da sesión extraordinaria-urxente de data 20 de decembro de 2018.

Por erro mecanográfico na convocatoria o punto 16 pasa a ser o 10.

10.- Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do PSdG-PSOE de data 08 de xaneiro de 2019, núm. 3.
Do grupo municipal de Partido Popular de data 08 de xaneiro de 2019, núm. 7.
Do grupo municipal de Partido Popular de data 08 de xaneiro de 2019, núm. 10.
Do grupo municipal do BNG de data 09 de xaneiro de 2019, núm. 19.
Do grupo municipal de Partido Popular de data 09 de xaneiro de 2019, núm. 23

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do PSdG-PSOE de data 08 de xaneiro de 2019, núm. 4
Do grupo municipal de Partido Popular de data 08 de xaneiro de 2019, núm. 9.
Do grupo municipal de Partido Popular de data 08 de xaneiro de 2019, núm. 11.
Do grupo municipal do BNG de data 09 de xaneiro de 2019, núm. 14.
Do grupo municipal do BNG de data 09 de xaneiro de 2019, núm. 15.
Do grupo municipal do BNG de data 09 de xaneiro de 2019, núm. 20.
Do grupo municipal de Partido Popular de data 09 de xaneiro de 2019, núm. 22.

Preguntas resposta escrito:

Do grupo municipal de Partido Popular de data 02 de xaneiro de 2019, núm. 1.

Por erro mecanográfico na convocatoria o punto 17 pasa a ser o 11.

11.- Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 08 de xaneiro de 2019, número 5, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, SOBRE A SITUACIÓN DO TURISMO EN SANTIAGO.

Rexistro de entrada do día 08 de xaneiro de 2019, número 6, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, SOBRE O DESEMPREGO FEMININO EN SANTIAGO.

Rexistro de entrada do día 09 de xaneiro de 2019, número 13, presentada polo grupo municipal COMPOSTELA ABERTA, INSTANDO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL A REFORMAR O PROXECTO DE “ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP-7804 VAL DO DUBRA A SANTIAGO”, PARA INCLUIR A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARUAS.

Rexistro de entrada do día 9 de xaneiro de 2019, número 16, presentada polo grupo municipal do BNG, PARA UNHA MELLORA DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL E CREAR UNHA ZONA DE ESPAREXEMENTO NA PARROQUIA DE CARBALLAL.

Rexistro de entrada do día 09 de xaneiro de 2019, número 17, presentada polo grupo municipal do BNG, PARA VIXIAR AS AFECTACIÓNS DA SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DUNHA GASOLINEIRA NO CASTIÑEIRIÑO.

Rexistro de entrada do día 09 de xaneiro de 2019, número 18, presentada polo grupo municipal do BNG, PARA DESIGNAR CO NOME DE “DANIEL CASTELAO” A ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Rexistro de entrada do día 09 de xaneiro de 2019, número 21, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, PARA A REAPERTURA AO PÚBLICO DO XARDÍN DO PAZO DE AMARANTE.

Rexistro de entrada do día 09 de xaneiro de 2019, número 24, presentada polo grupo municipal COMPOSTELA ABERTA, PSOE E BNG POLA DEFENSA DOS DEREITOS DAS MULLERES, O CUMPRIMENTO E MELLORA DO PACTO DE ESTADO EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XENERO, A RETIRADA DA DEFINICIÓN “VIOLENCIA DOMESTICA” DO DEBATE INSTITUCIONAL E A INCORPORACION DO TERMO FEMINICIDIO.

Antes de entrar a tratar os puntos da orde do día, procédese a gardar un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

INTERVENCIONS

PILAR ESTEVEZ RODRIGUEZ, en representación da **PLATAFORMA FEMINISTA GALEGA** e en relación coa moción conxunta CA-PSOE-BNG pola defensa dos dereitos das mulleres, o cumprimento e mellora do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, a retirada da definición “violencia doméstica” do debate institucional e a incorporación do termo “feminicidio”.

MANUEL CARRIL CALVELO, en representación da veciñanza afectada, intervención relativo a moción do BNG sobre a gasoleira do Castiñeiriño.

ANGEL RAFAEL CERQUEIRA IGLESIAS, en representación da veciñanza afectada, intervención relativo a moción do BNG sobre a gasoleira do Castiñeiriño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2018, NÚM 19 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2018, NÚM 20.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros e concelleiras, aproba as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 20/12/2018, número 19 e á sesión extraordinaria do día 29 de decembro de 2018, numero 20.

2- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDG-PSOE).

Non comparece Don Antón Barba Pereira

MOCION DE URXENCIA BNG. Rexistro de entrada numero 25 con data 14/01/2019, para instar á Xunta de Galicia, a cumprir a taboa indicativa da comisión de centro de atención especializada do Hospital Clínico Universitario de Santiago.

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 14: grupo C.A (9 votos), PSOE (3 votos), e BNG (2 votos) e cos votos en contra do grupo Popular (9 votos), apróbase a declaración de urxencia co que se cumpre o requisito de maioría absoluta dos membros da corporación.

3- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DA PARCELA 2 DO QUINTEIRO 18096 DO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA. RÚA DE MURCIA, NÚMERO 5.

Visto o informe asinado pola xefa da Sección de Xestión Urbanística con fecha 20 de decembro de 2018, e coa conformidade ao mesmo do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereiro á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais Jorge Duarte Vazquez, onde di:

“1- Obxecto do Estudo de detalle

O proxecto, formulado por iniciativa particular da mercantil COMPOSTELANA DE TRANSPORTES S.C.G (COMPOSTRA) e asinado polo equipo técnico *mrm arquitectos s.l.p + avg*, ten por obxecto concretar a ordenación do volume edificable no ámbito dunha parcela procedente da división da D4b01a do *Proxecto de reparcelación do Parque empresarial da Sionlla*, que fora aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data 18 de outubro de 2012.

A parcela afectada, coa referencia catastral 1809607NH4510H0000SF, e cunha superficie de 13.999 m², sitúase na rúa de Murcia, número 5, do parque empresarial da Sionlla.

A necesidade de formular o Estudo de detalle derívase do establecido na normativa do *Proxecto sectorial do Parque empresarial da Sionlla*, aprobado o 7 de xuño de 2007 polo Consello da Xunta de Galicia, e incorporado ao Plan xeral de ordenación municipal a través da súa disposición final 11^a. A ordenanza 4 (edificación exenta) do citado Proxecto sectorial esixe, nas parcelas con superficie igual ou superior a 10.000 m², a redacción dun Estudo de detalle *co obxecto de producir a ordenación de volumes, o axuste de rasantes e a ordenación do sobrante de parcela*, con suxeición aos seguintes parámetros (apartado 4.3.4 da normativa do Proxecto sectorial):

Área de movemento da edificación: será a resultante dos recuamentos mínimos obrigatorios.

A ordenanza 4 sinala un recuamento mínimo obrigatorio, a todos os lindes de parcela, de 10 metros.

Superficie máxima edificable: A que resulte da respectiva ordenanza de aplicación, resultando un índice máximo de 0,9 para a ordenanza 4.

Altura: A altura máxima permitida na ordenanza 4 é de 12 metros (B+3), se ben o Estudo de detalle poderá xustificar alturas maiores *en función das esixencias dos procesos produtivos*.

Ocupación máxima: No ámbito de aplicación da ordenanza 4, sinalase unha ocupación máxima do 50% da parcela.

No expediente consta informe técnico favorable asinado pola arquitecta xefa da Sección Municipal de Planeamento, no que se indica o seguinte:

...

O uso principal da parcela vai ser o de aparcadoiro en superficie para vehículos de transporte de mercancías, polo que o único volume edificado que está previsto construír é unha peza destinada a almacén e oficinas de uns 725 m²c.

Este volume supón unha edificabilidade de 0,05 m²c/m²c, moi por debaixo do 0,9 m²c/m²c que se establece como máxima na ordenanza de aplicación. A disposición do volume previsto no Estudo de detalle é, polo tanto, moi inferior ao admisible na parcela e dispónse dentro dos límites e recuamentos establecidos polo plan.

Non se estima necesario efectuar ningún axuste nas rasantes do espazo público que delimita a parcela e tampouco se prevén no interior movementos de terra ou modificacións da rasante actual do terreo que resulten significativas.

O Estudo de detalle establece a ordenación da totalidade da parcela propoñendo o esquema de distribución das prazas de aparcadoiro, zona de entrada e saída de camións, tratamento do contorno do volume edificado, que se considera suficiente nesta fase do proceso.

No apartado 3.2 do documento indícase expresamente a obriga de reparación dos danos na urbanización, o que haberá de terse en conta de xeito expreso no momento da concesión da licenza, xa que o acceso de camións previsto vai requirir a adaptación da urbanización xa executada.

O Estudo de detalle non establece determinacións específicas para o peche da parcela e outros aspectos xa que remite directamente ás determinacións do plan.

Considérase en resumo, que o Estudo de detalle ten o grao de definición suficiente en relación cos seus obxectivos, de acordo co previsto na ordenanza 4, polo que se propón a súa aprobación inicial e exposición pública.

1. Tramitación

O procedemento de aprobación dos estudos de detalle atópase regulado nos artigos 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia* (LSG) e 194 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG).

En aplicación do citado procedemento, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 11.10.2018 e someteuse a **información pública** durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia do día 14.11.2018 e no xornal *El Correo Gallego* de data 16.11.2018. Simultaneamente practicouse notificación persoal aos propietarios dos terreos afectados segundo figuran no Catastro.

Durante o trámite de participación pública non consta a formulación de alegacións.

O proxecto obtivo o **informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**, segundo resolución de data 20.11.2018 (Exp 2018/1271)

O órgano competente para adoptar o acordo de aprobación inicial é a Xunta de Goberno, de conformidade co que dispón o artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, correspondendo a adopción do acordo de aprobación definitiva ao Pleno municipal -artigo 123.1.i) da LBRL-.

2. Proposta

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar definitivamente o Estudo de detalle da parcela 2 do quinteiro 18096 do Parque Empresarial da Sionlla (segregada da parcela D4b01a da Reparcelación), promovido por COMPOSTELANA DE TRANSPORTES S.C.G (COMOSTRA) e asinado polo equipo técnico mrm arquitectos s.l.p + avg, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

A parcela emprázase na rúa de Murcia, número 5, figurando no Catastro coa referencia 1809607NH4510H0000SF.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Xa que logo, á vista do informe-proposta transcrito así como o ditame favorable, na comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos de data 10 de xaneiro de 2019, apróbase por unanimidade dos presentes o seguinte ACORDO:

- Aprobar definitivamente o Estudo de detalle da parcela 2 do quinteiro 18096 do Parque Empresarial da Sionlla (segregada da parcela D4b01a da Reparcelación), promovido por COMPOSTELANA DE TRANSPORTES S.C.G (COMOSTRA) e asinado polo equipo técnico mrm arquitectos s.l.p + avg, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

A parcela emprázase na rúa de Murcia, número 5, figurando no Catastro coa referencia 1809607NH4510H0000SF.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

4- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA A REHABILITACIÓN INTEGRAL DOS GRUPOS DE VIVENDAS CARDENAL QUIROGA PALACIOS E COMPOSTELA, NO BARRIO DE PONTE PEDRIÑA.

Visto o informe asinado pola xefa da Sección de Xestión Urbanística con fecha 04 de xaneiro de 2019, e coa conformidade ao mesmo do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereiro á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais Jorge Duarte Vazquez, onde di:

“O Estudo de detalle formúlase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos arquitectos Elisabeth Abalo Díaz e Gonzalo Alonso, co obxecto principal de definir as intervencións a realizar no ámbito da *Área de rehabilitación integral* (ARI) de Ponte Pedriña, declarada como tal por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e do Solo de data 23 de decembro de 2008.

1. Obxecto do Estudo de detalle

O ámbito da intervención refírese ao grupo de vivendas Cardenal Quiroga Palacios e Compostela, emprazados nas seguintes vías:

- Rúa Negreira, números 1 a 6
- Rúa Padrón, números 1 a 4
- Rúa Ordes, números 2, 4 e 6
- Praza de León, números 1 a 6
- Rúa Samos, números 1 a 7
- Rúa Palas de Rei, números 1 e 2
- Rúa Somport, números 1 e 2
- Rúa Portomarín, números 1 a 6
- Rúa Canfranc, números 1 e 2
- Rúa Sahagún, números 1 a 4

Segundo consta na memoria do Estudo de detalle, a súa finalidade principal é *“establecer os criterios de intervención para a introdución de ascensores e outros elementos co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das vivendas, ademais da adecuación das envolventes térmicas dos edificios”*

Como obxectivos concretos se sinalan os seguintes:

O Estudo de detalle ten por obxecto desenvolver as previsións do PXOM, e definir as condicións urbanísticas nas que se vai producir as futuras intervencións no ARI, tanto no que se refire ás edificacións privadas como aos espazos públicos urbanizados.

A tal fin define:

En relación co espazo público:

- *As actuacións necesarias para garantir que a implantación dos novos elementos de accesibilidade nas vivendas privadas non supoñan unha perda de funcionalidade ou calidade do espazo de uso e dominio público.*
- *Os criterios xerais e as condicións da urbanización para garantir a accesibilidade universal na totalidade do ámbito ordenado.*

En relación coas edificacións privadas.

- *As directrices comúns e solucións específicas e concretas para a incorporación de ascensores, a partir das distintas solucións analizadas ata o momento, definindo a volumetría dos novos elementos, as zonas de espazo público que é preciso ocupar para resolver a accesibilidade das vivendas, atendendo ás particularidades de cada situación.*
- *As características xerais que deberán cumprir as intervencións para a mellora da eficiencia enerxética das edificacións, e as pautas comúns para as actuacións sobre as instalacións e envolvente térmica dos edificios.*
- *As condicións que se deben cumprir no tratamento das fachadas para garantir a coherencia formal das actuacións coas tipoloxías existentes, mantendo o carácter unitario do conxunto.*

En relación coa delimitación do ámbito de estudio

- *Establece a delimitación do ámbito de actuación afectado polo proceso de exposición pública a efectos do cumprimento do artigo 24 del Texto Refundido de la Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.*

En relación co anterior, o presente estudio de detalle incorpora na súa delimitación a parcela de referencia catastral 7562954, de titularidade municipal, hoxe destinada a instalación deportivas, que non está incluída na delimitación do ARI, pero que está integrada no conxunto urbano que se estuda, na medida que pode ser de interese para a mellor resolución de determinados problemas do ámbito.

2. Normativa aplicable para a implantación de ascensores

As edificacións afectadas inclúense no ámbito de aplicación da ordenanza 9 A do Plan xeral vixente (artigo 146), correspondente a *actuacións unitarias consolidadas* de vivenda colectiva. A citada ordenanza esixe o mantemento do carácter unitario do conxunto, se ben permite que, mediante a aprobación dun Estudo de detalle e a través dun proxecto unitario, se introduzan elevadores e outros elementos co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das vivendas, mesmo mediante *desafectación* do dominio público dos terreos afectados. Inclúese tamén no ámbito do Estudo de detalle unha parcela regulada pola ordenanza 3A.

O Real decreto lexislativo 7/2015 –polo que se aproba o vixente Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana-, no seu artigo 24.4, habilita a ocupación *de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal, así como as superficies comúns de uso privativo (...), cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos públicos afectados.*

Esta ocupación **esixe a delimitación espacial do correspondente ámbito de actuación** (conxunta ou illada), cuxa aprobación definitiva é causa suficiente para que se estableza, ben unha cesión de uso do voo polo tempo en que se manteña a edificación, ben a recualificación e desafectación do dominio público, a fin de acordar o seu alleamento á correspondente comunidade de propietarios.

Considerando a dobre alternativa que prevé o citado precepto, neste caso óptase por manter o dominio público dos terreos necesarios para a instalación dos ascensores, sen recualificar ou desafectar o solo, de maneira que a aprobación definitiva do Estudo de detalle –no que se contén a delimitación do ámbito da actuación- habilita ao órgano municipal competente para acordar a **cesión de uso do voo** á respectiva comunidade de propietarios.

3. Reurbanización dos espazos públicos

Segundo indica o informe da arquitecta municipal, *en primeiro lugar, cómpre sinalar que neste caso vai ser necesario acometer as obras de reurbanización do espazo público de xeito previo ou simultáneo as actuacións nas edificacións privadas, xa que a maioría de ascensores e novos elementos de accesibilidade deben dispoñerse sobre a beirarrúa actual mesmo invadindo a calzada destinada a tráfico rodado nalgúns casos. Esta disposición non implica só problemas na funcionalidade dos espazos de circulación, rodada o peonil, senón que afectan tamén ás redes de servizos que discorren soterradas por estes espazos, nunha medida difícil de cuantificar neste momento do proceso.*

Tampouco é posible rematar a reurbanización completa do ámbito senón se efectúan simultaneamente as obras de instalación do ascensor nalgún edificio, xa que a rasante definitiva do espazo público quedaría a distinta cota do acceso actual.

Dos problemas expostos cabe intuír que é precisa unha constante coordinación entre as actuacións públicas e privadas, e tamén debe contarse coa existencia de situacións intermedias ou solucións provisionais ata que non se produza a completa finalización das obras.

(...)

As propostas concretas para a reurbanización do espazo público deberán ser desenvolvidas, en todo caso, no proxecto de obras de urbanización que desenvolva o presente Estudo de detalle, que poderá propoñer a execución por fases das actuacións unha vez recollidos os datos máis precisos e fiables en relación coa situación real das infraestruturas de servizos e a posibilidade de sectorización das actuacións.

4. Tramitación

En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 194 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), o Estudo de detalle, aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno o día 22.12.2017, someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante

anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego* o día 14.05.2018. Simultaneamente practicouse citación persoal aos propietarios das parcelas afectadas, segundo figuran no Catastro, publicándose edicto no taboleiro municipal e no Boletín Oficial do Estado do día 16.08.2018.

Durante o trámite de información pública formuláronse varias alegacións, que son obxecto de análise e contestación no informe asinado pola arquitecta municipal con data 21.12.2018, ao que expresamente me remito.

No expediente consta informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural, segundo resolución asinada o 11 de maio de 2018.

Con data 29.11.2018 recibíuse o informe da directora de Augas de Galicia, no que se sinala que o ámbito se atopa afectado pola delimitación das *zonas de fluxo preferente e zonas inundables*, sendo aplicables as prescricións que para as actuacións nestas zonas resultan do disposto no Plan hidrolóxico Galicia–Costa (PHGC) e no Regulamento do dominio público hidráulico.

No informe asinado pola arquitecta municipal, ademais de dar resposta ás distintas cuestións formuladas polos alegantes, analízase tamén o contido do informe de Augas de Galicia, propoñendo introducir no acordo de aprobación definitiva do Estudo de detalle as seguintes cautelas:

- **Incluír ou completar no documento de Estudo de detalle os seguintes aspectos:**

Na parte gráfica:

- Un plano que reflicta sobre a ordenación proposta a delimitación dos ámbitos sinalados no informe de Augas.
- Un plano que recolla -a escala axeitada- a planta e sección da solución tipo do ascensor. No caso da zona do grupo Compostela, a sección deberá ser completa, é dicir, incluír os dous bloques aos que dá servizo cada núcleo, indicando o gálibo mínimo das zonas de paso.
- Xustificación dos percorridos accesibles a vehículos de emerxencias e servizos, tendo en conta as dimensións e características propias de cada un deles.
- Axuste das zonas de ocupación delimitadas nos planos, tendo en conta o solicitado na alegación presentada pola Comunidade de Veciños da rúa de Samos nº 6.

Na memoria:

Incluirase no apartado II, no apartado INSTALACIÓN DE ASCENSORES un parágrafo que indique:

Xustificadamente, admitirase unha solución cunha disposición interior dos elementos de comunicación vertical diferente, sempre que se manteña a ocupación e envolvente máxima definidas no

Estudo de detalle e se garanta a coherencia estilística e formal do conxunto.

- Incluirase tamén na definición da área a ocupar unha frase que indique:
A área de ocupación definida no proxecto poderá axustarse lixeiramente para adaptarse ás medicións reais que resulten de cada edificio, no momento de redacción do proxecto de execución.
 - Criterios xerais para a posterior urbanización do espazo público. En particular, farase mención específica á necesidade de cumprimento dos criterios e recomendacións fixados nos artigos 37 e 38 do PHGC, que sexan de aplicación.
 - No apartado de materiais indicárase que o volume do ascensor se resolverá con carácter xeral con paneis cegos, se ben se poderá admitir xustificadamente, sempre que manteña a coherencia formal e estilística do conxunto, unha solución acristalada.
- **Solicitar un informe de carácter técnico, máis específico, complementario ao contido do Estudo de detalle, que analice como mínimo os seguintes aspectos:**
 - Análise do estado construtivo e estrutural das edificacións no momento actual, que inclúa as probas ou ensaios que se estimen necesarios para a súa determinación.
 - Análise da idoneidade do terreo para levar a cabo as actuacións previstas
 - Estudo dos requirimentos derivados da situación do ámbito na zona de policía hidráulica e a xustificación do cumprimento dos requirimentos do PHGC para o caso concreto que nos ocupa.
 - Recomendacións a seguir na execución das obras, tanto de edificación como de urbanización.
 - De ser o caso, correccións ou modificacións suxeridas na proposta como resultado dos estudos levados a cabo.

Cómpre sinalar que a solución proposta no Estudo de detalle para a mellora de accesibilidade haberá de ser desenvolvida a través dos correspondentes proxectos de obras, os cales deberán someterse a autorización de Augas de Galicia, sendo nese momento cando haxa de achegarse toda a documentación requirida pola normativa sectorial.

Con todo, o Estudo de detalle haberá de incorporar os planos onde se reflicta o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía, así como as zonas inundables e as de fluxo preferente, segundo esixe o artigo 30 do PHGC.

5. Proposta

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar definitivamente o Estudo de detalle para a rehabilitación integral dos grupos de vivendas Cardenal Quiroga Palacios e Compostela, no barrio de Ponte Pedriña, redactado polos arquitectos Elisabeth Abalo Díaz e Gonzalo Alonso Núñez, coas seguintes condicións:

En planos:

- Incorporaranse os planos onde se reflicta o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía, así como as zonas inundables e as de fluxo preferente, segundo esixe o artigo 30 do PHGC.
- Incluírse un plano que recolla -a escala axeitada- a planta e sección da solución tipo do ascensor. No caso da zona do grupo Compostela, a sección deberá ser completa, é dicir, incluír os dous bloques aos que dá servizo cada núcleo, indicando o gálibo mínimo das zonas de paso.
- Achegarase xustificación gráfica dos percorridos accesibles a vehículos de emerxencias e servizos, tendo en conta as dimensións e características propias de cada un deles.
- Axustarase en planos a delimitación das zonas de ocupación acollendo a solución proposta pola Comunidade de Propietarios do número 6 da rúa de Samos, que se concreta no recrecido do espazo de entrada e das plantas tipo para poder inscribir un círculo de 1,5 metros e a posibilidade de dispoñer unha marquesiña no exterior.

Na memoria

- Incluírse no apartado II, no apartado INSTALACIÓN DE ASCENSORES un parágrafo que indique:
Xustificadamente, admitirase unha solución cunha disposición interior dos elementos de comunicación vertical diferente, sempre que se manteña a ocupación e envolvente máxima definidas no Estudo de detalle e se garanta a coherencia estilística e formal do conxunto.
- Incluírse tamén na definición da área a ocupar unha frase que indique:
A área de ocupación definida no proxecto poderá axustarse lixeiramente para adaptarse ás medicións reais que resulten de cada edificio, no momento de redacción do proxecto de execución.
- Criterios xerais para a posterior urbanización do espazo público. En particular se fará mención específica a necesidade de cumprimento dos criterios e recomendacións fixados nos artigos 37 e 38 do PHGC, que sexan de aplicación.
- No apartado de materiais indicárase que o volume do ascensor se resolverá con carácter xeral con paneis cegos, se ben se poderá admitir xustificadamente, sempre que manteña a coherencia formal e estilística do conxunto, unha solución acristalada.

Así mesmo, e **como condición para a autorización dos correspondentes proxectos de intervención**, haberá de obterse a autorización de Augas de Galicia e achegar informe técnico de avaliación do estado construtivo e estrutural do edificio e da idoneidade do terreo para levar a cabo as actuacións proxectadas.

O Estudo de detalle contén a **delimitación espacial do ámbito da actuación**, para os efectos do disposto polo artigo 24 do RD lexislativo 7/2015, que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións.”

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do establecido no regulamento organico municipal, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA DE MODIFICACIÓN**.

EMENDA DE MODIFICACIÓN AO PUNTO CUARTO “APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA A REHABILITACIÓN INTEGRAL DOS GRUPOS DE VIVENDAS CARDENAL QUIROGA PALACIOS E COMPOSTELA, NO BARRIO DE PONTE PEDRIÑA” DA ORDE DO DÍA DA SESIÓN PLENARIA DO 17 DE XANEIRO

Proponse a modificación de dous parágrafos da memoria.

- No parágrafo incluído no apartado II, no apartado INSTALACIÓN DE ASCENSORES , se modifique por:

“Xustificadamente, admitirase unha solución cunha disposición interior dos elementos de comunicación vertical diferente, sempre **que non exceda** a ocupación e envolvente máxima definidas no Estudo de detalle e se garanta a coherencia estilística e formal do conxunto”

- No parágrafo referente a materias:

“ No apartado de materiais indicarase que o volume do ascensor se resolverá con carácter xeral con paneis cegos, se ben se poderá admitir xustificadamente, sempre que manteña a coherencia formal e estilística do conxunto, unha solución acristalada **ou similares**.

Sometida a enmenda presentada polo BNG a votación,

O pleno da corporación, cos votos a favor 14: Grupo CA (9 votos), PSOE (3 votos) e BNG (2 votos) e cos votos en contra do grupo Partido Popular (9 votos), aproba dita enmenda, que di:

Propónse a modificación de dous parágrafos da memoria.

- No parágrafo incluído no apartado II, no apartado **INSTALACIÓN DE ASCENSORES**, se modifique por:

“Xustificadamente, admitirase unha solución cunha disposición interior dos elementos de comunicación vertical diferente, sempre **que non exceda** a ocupación e envolvente máxima definidas no Estudo de detalle e se garanta a coherencia estilística e formal do conxunto”

- No parágrafo referente a materias:

“ No apartado de materiais indicárase que o volume do ascensor se resolverá con carácter xeral con paneis cegos, se ben se poderá admitir xustificadamente, sempre que manteña a coherencia formal e estilística do conxunto, unha solución acristalada **ou similares**.

Visto o dictame da Comisión Informativa, na súa sesión ordinaria que tivo lugar o día 10 de xaneiro de 2019,

O pleno da corporación, cos votos a favor 14: Grupo CA (9 votos), PSOE (3 votos) e BNG (2 votos) e cos votos en contra do grupo Partido Popular (9 votos), adopta o seguinte acordo, coa enmenda aprobada que se reproduce como parte do acordo:

- Aprobar definitivamente o Estudo de detalle para a rehabilitación integral dos grupos de vivendas Cardenal Quiroga Palacios e Compostela, no barrio de Ponte Pedriña, redactado polos arquitectos Elisabeth Abalo Díaz e Gonzalo Alonso Núñez, coas seguintes condicións:

En planos:

- Incorporaranse os planos onde se reflicta o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía, así como as zonas inundables e as de fluxo preferente, segundo esixe o artigo 30 do PHGC.
- Incluírase un plano que recolla -a escala axeitada- a planta e sección da solución tipo do ascensor. No caso da zona do grupo Compostela, a sección deberá ser completa, é dicir, incluír os dous bloques aos que dá servizo cada núcleo, indicando o gálibo mínimo das zonas de paso.
- Achegarase xustificación gráfica dos percorridos accesibles a vehículos de emerxencias e servizos, tendo en conta as dimensións e características propias de cada un deles.
- Axustarase en planos a delimitación das zonas de ocupación acollendo a solución proposta pola Comunidade de Propietarios do número 6 da rúa de Samos, que se concreta no recrecido do espazo de entrada e das plantas tipo para poder inscribir un círculo de 1,5 metros e a posibilidade de dispoñer unha marquesiña no exterior.

Na memoria

- Incluirase no apartado II, no apartado INSTALACIÓN DE ASCENSORES un parágrafo que indique:
Xustificadamente, admitirase unha solución cunha disposición interior dos elementos de comunicación vertical diferente, sempre que se manteña a ocupación e envolvente máxima definidas no Estudo de detalle e se garanta a coherencia estilística e formal do conxunto.
- Incluirase tamén na definición da área a ocupar unha frase que indique:
A area de ocupación definida no proxecto poderá axustarse lixeiramente para adaptarse ás medicións reais que resulten de cada edificio, no momento de redacción do proxecto de execución.
- Criterios xerais para a posterior urbanización do espazo público. En particular se fará mención específica a necesidade de cumprimento dos criterios e recomendacións fixados nos artigos 37 e 38 do PHGC, que sexan de aplicación.
- No apartado de materiais indicárase que o volume do ascensor se resolverá con carácter xeral con paneis cegos, se ben se poderá admitir xustificadamente, sempre que manteña a coherencia formal e estilística do conxunto, unha solución acristalada.

Así mesmo, e **como condición para a autorización dos correspondentes proxectos de intervención**, haberá de obterse a autorización de Augas de Galicia e achegar informe técnico de avaliación do estado construtivo e estrutural do edificio e da idoneidade do terreo para levar a cabo as actuacións proxectadas.

O Estudo de detalle contén a **delimitación espacial do ámbito da actuación**, para os efectos do disposto polo artigo 24 do RD lexislativo 7/2015, que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

O acordo de aprobación definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitírase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Coa modificación de dous parágrafos da memoria.

- No parágrafo incluído no apartado II, no apartado **INSTALACIÓN DE ASCENSORES**, se modifique por:

“Xustificadamente, admitirase unha solución cunha disposición interior dos elementos de comunicación vertical diferente, sempre **que non exceda** a ocupación e envolvente máxima definidas no Estudo de detalle e se garanta a coherencia estilística e formal do conxunto”

- No parágrafo referente a materias:

“ No apartado de materiais indicárase que o volume do ascensor se resolverá con carácter xeral con paneis cegos, se ben se poderá admitir xustificadamente, sempre que manteña a coherencia formal e estilística do conxunto, unha solución acristalada **ou similares**.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións.

5- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DO PXOM: CORRECCIÓN DE ERROS NA FICHA D-061 (CASA LAVACOLLA). CREACIÓN DAS FICHAS D-061 (A), D-062 (B-C) E D-061 (D)

Visto o informe asinado pola xefa da Sección de Xestión Urbanística con fecha 19 de decembro de 2018, e coa conformidade ao mesmo do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais Jorge Duarte Vazquez, onde di:

A Modificación formúlase de oficio a través dos Servizos Técnicos de Planeamento e Xestión Urbanística co obxecto de solventar as discrepancias detectadas no Catálogo de bens culturais do PXOM vixente en canto ao elemento D-061 (Casa en Lavacolla)

1. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN

A Modificación pretende:

- Corrixir o erro detectado na ficha de catalogación D-061 (Casa en Lavacolla), en concreto no que atinxe á correcta ubicación ou emprazamento en planos da edificación catalogada.
- Desagregar a ficha de catalogación D-061 en tres fichas independentes –(a) (b-c) e (d), a fin de reflectir de forma separada a protección dos tres conxuntos edificadas na zona (Sabugueira-Lavacolla) que se atopaban incluídos na mesma referencia –D-061- no Catálogo do anterior Plan xeral (PXOU-89).

A modificación afecta ás seguintes parcelas catastrais:

4800401NH4540B0001FL	Lugar da Praza nº 2 (Sabugueira).....	061 (a)
4800402NH4540B0000XK.....	Lugar da Praza nº 3 (Sabugueira).....	061 (b)
4800402NH4540B0000IK.....	Lugar da Praza nº 4 (Sabugueira).....	061 (c)
5596603NH4459H0001IK.....	Lugar de Lavacolla nº 40	061 (d)

2. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO

A medio de Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental de data 27 de setembro de 2017 –publicada no Diario Oficial de Galicia o día 9 de novembro– formulouse o preceptivo informe ambiental estratéxico, declarando non someter a Modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria. Neste informe reflíctese o resultado do trámite de participación e de consultas, con referencia aos informes favorables emitidos pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, polo Instituto de Estudos do Territorio e pola Dirección Xeral de Pesca e Acuicultura.

3. RESULTADO DO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA E AUDIENCIA AOS CONCELLOS LÍMITROFES

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal a medio de acordo adoptado o 21 de decembro de 2017 e someteuse a información pública, durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal *La Voz de Galicia* do día 13.02.2018 e no Diario Oficial de Galicia de data 19.02.2018

Durante o trámite de participación pública formuláronse dous escritos de **ALEGACIÓNS**, asinados por dona CRISTINA COTÓN ALBOR e don JOSÉ CASAL TATO, propietarios da edificación sita no número 40 de Lavacolla, co contido que deseguido se resume:

- A Modificación contradí a sentenza firme do TSXG de 3 de xullo de 2014, que obriga á administración autonómica a autorizar o derribo da edificación que agora se pretende catalogar (061d), por non estimarse suficientemente acreditado o seu interese para a protección do Camiño de Santiago.
- Non se constata ningunha característica no inmovible que o faga merecedor da súa inclusión no Catálogo, máis alá dunha simple protección ambiental que na actualidade carece de sentido nun contorno descontextualizado.
- O PXOM vixente descatalogou o inmovible probablemente polas anteditas razóns e polo actual estado de deterioro do contorno.

As alegacións presentadas foron examinadas polo Pleno municipal na sesión celebrada o día 18.10.2018, na que se aprobou provisionalmente o proxecto, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado. No citado acordo de aprobación provisional opóñense as seguintes consideracións ás alegacións presentadas:

Primeira. A sentenza do TSXG invocada polos alegantes declara que non se aducen pola administración autonómica suficientes razóns que eviten o derribo da construción, e fai especial mención da circunstancia de que no proceso non se desvirtuou a ausencia de catalogación do edificio (...), lo que se indica a los exclusivos efectos del presente litigio. É dicir, que o fallo fundamentouse na falta de acreditación fehaciente da catalogación do edificio no marco do litixio en cuestión (PO 4503/2012)

Agora ben, nos informes emitidos que serven de base á presente Modificación, resulta acreditado que na ficha correspondente do Catálogo do vixente PXOM figura a fotografía do edificio en cuestión, apreciándose un erro en canto ao seu concreto emprazamento en planos, erro que é o causante de que no litixio anterior non se tivera detectado a súa catalogación, e que agora pretende emendarse a través do presente procedemento.

O XCA nº 1 de Santiago de Compostela, na sentenza ditada o pasado 14 de setembro de 2018 (PO 418/2016), ordena a suspensión do procedemento de

outorgamento da licenza de derribo solicitada polos recorrentes ata tanto non finalice a tramitación da presente Modificación. Cómpre advertir que a dita suspensión xa se produciu, ex lege, por mor da aprobación inicial da dita Modificación, e así foi publicado no Diario Oficial de Galicia de 19.02.2018.

Segunda. No informe emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural indícase que a edificación propiedade dos alegantes é “unha vivenda de tipoloxía tradicional que contén en si mesma valores que a fan merecedora de protección de acordo co artigo 1 da LPCG. Dentro do núcleo de Lavacolla constitúe un exemplo claro de construción tradicional vinculada aos camiños de acceso aos núcleos de poboación”.

Na memoria do proxecto de Modificación redactado polos Servizos Técnicos Municipais acredítase que non houbo vontade real de descatalogar a construción, xa que a mesma figura claramente reflectida na fotografía da ficha do Catálogo, tratándose en puridade dun erro material á hora de emprazar o elemento catalogado nos planos de ordenación. Con todo, e por elementais razóns de seguridade xurídica, a corrección do erro detectado segue o procedemento de Modificación do Plan xeral co fin de emendar as discrepancias detectadas e reflectir con claridade o emprazamento da edificación catalogada.

Polo tanto, e con base nas consideracións expostas, conclúese a necesidade de restablecer a necesaria coherencia entre a ficha de catalogación e os planos de ordenación, solventando as discrepancias detectadas, e identificando con claridade os elementos obxecto de catalogación.

Remitido o expediente á Consellería segundo esixe o artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), con data 12 de xullo de 2018 recibíuse o **informe da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, no que se dá conta do resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes, así como dos informes sectoriais autonómicos solicitados e recibidos.

Polo que atinxe ao trámite de **audiencia aos concellos limítrofes**, consta informe favorable do Concello de Boqueixón. Segundo indica o informe autonómico, “os concellos de Ames, O Pino, Oroso, Teo, Trazo e Vedra contaban cun prazo para responder que finalizaba o día 12/06/2018, e o concello de Val do Dubra o día 13/06/2018. Rematado o dito prazo non foron recibidas nestas dependencias as súas respostas, polo que pode continuarse o procedemento de aprobación da modificación (segundo parágrafo do artigo 60.7 da Lei 2/2016, do solo de Galicia).”

4. INFORMES SECTORIAIS

No informe emitido pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo faise constar a emisión dos seguintes **informes sectoriais autonómicos**:

- Informe do subdirector xeral de Planificación e Protección Civil de data 14/03/2018 favorable á Modificación.
- Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 9/05/2018, tamén favorable.
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio, de data 24/05/2018, relativo á protección da paisaxe, así mesmo favorable.

Non consta a emisión do informe solicitado á Dirección de Augas de Galicia, tendo xa rematado, con data 14/06/2018 o prazo legalmente establecido para a súa emisión, polo que o informe se presume favorable de acordo co disposto na Lei 9/2010 de Augas de Galicia (artigo 39) e no artigo 60.7 da LSG. Con todo, no trámite de consultas ambientais, a Subdirección Xeral do Dominio Público Hidráulico, dependente de Augas de Galicia, xa informou que *“non procede a emisión de observacións posto que non afecta ás competencias deste organismo de conca”*

Con data 26/02/2018 obtívose o informe favorable da Dirección Xeral de Telecomunicacións.

Con data 28/06/2018 tivo entrada o informe emitido pola Dirección Xeral de Aviación Civil.

5. APROBACIÓN PROVISIONAL E INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

O Pleno Municipal, mediante acordo adoptado o 18/10/2018, aprobou provisionalmente a Modificación, sen cambios respecto da inicialmente aprobada.

No citado acordo de aprobación provisional contense a análise das alegacións presentadas, como anteriormente se describiu, resultando a súa desestimación.

Con data 11 de decembro de 2018 obtívose o **informe favorable da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**.

6. PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA

En consecuencia, e de conformidade co disposto polo artigo 61.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte ACORDO:

- Aprobar definitivamente a *Modificación puntual do Catálogo do Plan xeral de ordenación municipal: corrección de erros na ficha D-061 (Casa en Lavacolla) e creación das fichas D-061 (a), D-061 (b-c) e D-061 (d)*, sen modificacións respecto da provisionalmente aprobada.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora de bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2, da mesma lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

No expediente consta a conformidade do secretario xeral do Pleno Municipal ao informe-proposta de aprobación inicial, polo que, ao non introducirse modificacións na aprobación provisional nin na definitiva, non procede a emisión de novo informe.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións, dándolle traslado do acordo de aprobación provisional.

Xa que logo, á vista do informe-proposta transcrito, así como o dictame favorable da comisión municipal informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos de data 10 de xaneiro de 2019, e sometido o asunto a votación, o pleno adopta coa unanimidade dos presentes, co que se cumpre o requisito do voto favorable da maioría absoluta dos membros da corporación o seguinte ACORDO:

- Aprobar definitivamente a *Modificación puntual do Catálogo do Plan xeral de ordenación municipal: corrección de erros na ficha D-061 (Casa en Lavacolla) e creación das fichas D-061 (a), D-061 (b-c) e D-061 (d)*, sen modificacións respecto da provisionalmente aprobada.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións, dándolle traslado do acordo de aprobación provisional.

A instancia do Señor alcalde, modifícase a orde de tratamento de diversos puntos, pasando a tratarse, en primeiro lugar o punto 8 do orden do día e a continuación os puntos 6 e 7 do orden do día, quedando remunerados como puntos 6, 7 e 8.

6- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE, RELATIVA AO CUMPRIMENTO DO PACTO SOCIAL CONTRA A POBREZA, DE DATA 08 DE XANEIRO, NUMERO DE REXISTRO 2.

O **Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para o seu debate no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pleno ordinario de xaneiro de 2016 daba o visto bo a unha moción presentada polo Grupo Municipal Socialista para dar cumprimento ao Pacto Social contra a Pobreza e

así dar resposta a un compromiso adquirido por varios dos voceiros municipais durante a campaña electoral de 2015; entre eles, o propio alcalde, Martiño Noriega.

A realidade é que o 18,7% da poboación de Santiago de Compostela vese afectada por procesos de exclusión social e, nomeadamente, calcúlase que 17.890 persoas están en risco de exclusión social e 4.000 en situación de extrema pobreza.

Hai que destacar que a pobreza e a exclusión social non son unha cuestión só explicable pola crise. Antes da crise xa existía unha sociedade moi marcada pola precariedade, na que amplos sectores da poboación, máis da metade, víanse afectados en distinta medida por diferentes problemas.

As transformacións que a sociedade galega está experimentando en canto ao seu nivel de integración e de cohesión social durante os últimos seis anos determinan que está aumentando o espazo da exclusión social e dos grupos sociais que se ven máis afectados.

A análise da taxa de pobreza ou cohesión social, do 14,67%, mostra elevados niveis entre a poboación nova así como nos fogares monoparentais con nenos a cargo e nos que teñen unha baixa intensidade de traballo.

Os compromisos fixados, segundo o Pacto Social contra a Pobreza, pasaban por acadar que 2.683 persoas quedaran fóra da pobreza e da exclusión social, e que ao final de 2019 o número ascendera a 4.472. Ademais, tíñase que producir un incremento do orzamento en materia social en máis de 2,5 millóns de euros (110 euros por persoa) en 2016 e de case dez millóns en 2019 (acadando os 160 euros por persoa).

Á vista de que non se teñen acadado estes obxectivos e que a situación de pobreza e exclusión social en Santiago segue a ser fundamentalmente preocupante, sometemos a consideración do Pleno do Concello de Santiago de Compostela a seguinte

PROPOSICIÓN:

Instar á Concellería de Servizos Sociais a presentar para o seguinte pleno ordinario do mes de febreiro unha MEMORIA na que se dea conta das razóns polas que non se teñen acadado os seguintes obxectivos asinados no Pacto Social contra a Pobreza, así como as dificultades atopadas á hora do seu desenvolvemento:

Primeiro.

a) Creación dun programa integral de vivenda pensado para o auxilio e refuxio de familias con problemas económicos severos que lles conduzan á exclusión social. b) Creación dunha OFICINA MUNICIPAL DE VIVENDA destinada a ese fin co obxectivo de desenvolver un programa de promoción de traballo cooperativo e de autoemprego para realizar reformas menores nos fogares co obxectivo de optimizar o consumo enerxético e de auga das vivendas.

Segundo. Creación dunha COMISION DO PACTO SOCIAL formada polos grupos municipais, técnicos das áreas de Facenda, Servizos Sociais e Emprego e un grupo de entidades de referencia do terceiro sector da cidade, para a realización dun CATALOGO DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A POBREZA, con partidas nos diferentes orzamentos, no que se analicen, desenvolvan e propoñan medidas concretas de axudas directas, como as seguintes:

1. Alimentación: Vales de comedor familiares, cesta da compra bonificada, apoio a proxectos de cooperativa social de comidas a domicilio.
2. Transporte: Tarxeta social con bonos de transporte familiares.

3. Servizos Sociais: Creación dunha Renda Complementaria de Apoio Municipal; eliminación do copago da axuda a domicilio e da teleasistencia domicilio.
5. Vivenda: Axudas para a rehabilitación de vivendas mellorando a habitabilidade e optimizando os consumos enerxéticos e de auga.
6. Emprego: Medidas de asesoramento e financiamento para a posta en marcha de iniciativas de autoemprego, de empresas e de cooperativas de carácter social que desenvolvan servizos de apoio dentro do presente Pacto Social.
7. Contratación: Incorporación de cláusulas favorecedoras de accións de apoio ás familias incluídas no presente Pacto Social nas contratacións do Concello de Santiago de Compostela.

O pleno da corporación, cos votos a favor 14: Grupo CA(9 votos), PSOE (3 votos) e BNG (2 votos) e coa abstención do grupo Partido Popular (9 votos), adoptouse o seguinte acordo:

Instar á Concellería de Servizos Sociais a presentar para o seguinte pleno ordinario do mes de febreiro unha MEMORIA na que se dea conta das razóns polas que non se teñen acadado os seguintes obxectivos asinados no Pacto Social contra a Pobreza, así como as dificultades atopadas á hora do seu desenvolvemento:

Primeiro.

a) Creación dun programa integral de vivenda pensado para o auxilio e refuxio de familias con problemas económicos severos que lles conduzan á exclusión social. b) Creación dunha OFICINA MUNICIPAL DE VIVENDA destinada a ese fin co obxectivo de desenvolver un programa de promoción de traballo cooperativo e de autoemprego para realizar reformas menores nos fogares co obxectivo de optimizar o consumo enerxético e de auga das vivendas.

Segundo. Creación dunha COMISION DO PACTO SOCIAL formada polos grupos municipais, técnicos das áreas de Facenda, Servizos Sociais e Emprego e un grupo de entidades de referencia do terceiro sector da cidade, para a realización dun CATALOGO DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A POBREZA, con partidas nos diferentes orzamentos, no que se analicen, desenvolvan e propoñan medidas concretas de axudas directas, como as seguintes:

1. Alimentación: Vales de comedor familiares, cesta da compra bonificada, apoio a proxectos de cooperativa social de comidas a domicilio.
2. Transporte: Tarxeta social con bonos de transporte familiares.
3. Servizos Sociais: Creación dunha Renda Complementaria de Apoio Municipal; eliminación do copago da axuda a domicilio e da teleasistencia domicilio.
5. Vivenda: Axudas para a rehabilitación de vivendas mellorando a habitabilidade e optimizando os consumos enerxéticos e de auga.
6. Emprego: Medidas de asesoramento e financiamento para a posta en marcha de iniciativas de autoemprego, de empresas e de cooperativas de carácter social que desenvolvan servizos de apoio dentro do presente Pacto Social.
7. Contratación: Incorporación de cláusulas favorecedoras de accións de apoio ás familias incluídas no presente Pacto Social nas contratacións do Concello de Santiago de Compostela.

7- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SOBRE A URGENTE DEFINICIÓN DUNHA ALTERNATIVA VIABLE PARA A NOVA EDAR DE SANTIAGO E A GARANTÍA PARA O SEU FINANCIAMENTO, DE DATA 08 DE XANEIRO DE 2019, NUMERO DE REXISTRO 08.

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A normativa básica en materia de réxime local atribúelle aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Aínda así, conforme aos principios de coordinación e colaboración administrativas desde o Goberno galego vense prestando apoio aos concellos nesta materia, axudándoos técnica e financeiramente a desenvolver de xeito máis eficaz e eficiente as competencias que teñen reservadas en materia de subministración de auga, rede de sumidoiros e depuración.

Nesta mesma materia de depuración e en determinados supostos, tamén o Estado vén asumindo a responsabilidade de cooperar cos concellos nunha serie de obras que acorda declarar como de Interese Xeral. Así o fixo no ano 2001 coa renovación do sistema de saneamento e depuración de Santiago de Compostela

Nas actuacións declaradas de Interese Xeral do Estado o financiamento é competencia directa do Goberno de España, aínda que tamén desde a Xunta de Galicia se vén colaborando e cofinanciando este tipo de actuacións como se fixo, por exemplo, nos casos das depuradoras da Coruña, de Ferrol, de Lugo ou de Ourense.

Neste sentido, é coñecido que o Goberno galego ten manifestado a súa vontade de colaboración na renovación do sistema de saneamento e depuración de Santiago de Compostela, como se ten dito, declarado de interese xeral do Estado en Galicia.

Ao fío desta actuación, necesaria para garantir a calidade das augas do río Sar, o grupo municipal do Partido Popular acolleu con preocupación a información coñecida logo da reunión celebrada o pasado 18 de decembro en Madrid entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Nesa reunión trasladouse que, ante o rexeitamento do Goberno municipal ao proxecto previsto para a execución dunha nova depuradora no Souto, a alternativa proposta polo Concello de ampliar a estación actual da Silvouta suporía que a depuradora non poderá estar en servizo antes do ano 2027.

Este horizonte temporal fai inviable a execución do proxecto da nova depuradora da Silvouta con cargo aos fondos europeos do actual programa operativo Feder e supón demorar a solución ao problema de contaminación das augas do río Sar.

Ante o que pode ser a perda de fondos europeos para o financiamento desta actuación tan necesaria, e co obxectivo de obter compromiso de financiamento

por parte do Estado para a nova depuradora de Santiago, desde este grupo municipal proñemos a adopción do seguinte

ACORDO:

“O Pleno do Concello de Santiago de Compostela acorda:

1.- Dirixirse ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, como Administración responsable de impulsar e executar a renovación do sistema de saneamento e depuración de Santiago de Compostela, e á Xunta de Galicia que se ten corresponsabilizado no seu financiamento, para que en colaboración co Concello de Santiago –como administración responsable do saneamento e depuración municipal- definan o antes posible un plan de actuación que concrete unha alternativa viable desde o punto de vista ambiental, técnico e económico para garantir a calidade das augas do río Sar.

2.- Demandar da Administración Xeral do Estado que, ante o escenario posible de perda de fondos europeos do programa operativo Feder 2014-2020 para a execución da nova estación depuradora, ofrezga garantías xuridicamente esixibles para o financiamento do sistema de depuración da cidade, declarado de interese xeral do Estado e, polo tanto, competencia directa do Goberno de España.

3.- Demandar da Xunta de Galicia que manteña o compromiso de cofinanciamento asumido coa EDAR de Santiago de Compostela e, en consecuencia, achegar o 20% do investimento do proxecto comprometido desde a Administración autonómica.

4.- Solicitar do Goberno de España que os fondos europeos do programa operativo Feder 2014-2020 que non se poidan destinar á depuradora de Santiago de Compostela se reasignen a outras obras importantes e imprescindibles nesta materia da Comunidade galega”.

O pleno da corporación, cos votos a favor 12: Grupo popular (9 votos) e PSOE (3 votos), 9 votos en contra do grupo de CA e coa abstención do BNG (2 votos), aprobanse os seguintes puntos:

1.- Dirixirse ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, como Administración responsable de impulsar e executar a renovación do sistema de saneamento e depuración de Santiago de Compostela, e á Xunta de Galicia que se ten corresponsabilizado no seu financiamento, para que en colaboración co Concello de Santiago –como administración responsable do saneamento e depuración municipal- definan o antes posible un plan de actuación que concrete unha alternativa viable desde o punto de vista ambiental, técnico e económico para garantir a calidade das augas do río Sar.

2.- Demandar da Administración Xeral do Estado que, ante o escenario posible de perda de fondos europeos do programa operativo Feder 2014-2020 para a execución da nova estación depuradora, ofrezga garantías xuridicamente esixibles para o financiamento do sistema de depuración da cidade, declarado

de interese xeral do Estado e, polo tanto, competencia directa do Goberno de España.

O pleno da corporación, cos votos a favor 9: Grupo popular (9 votos), votos en contra 12: PSOE (3 votos) e grupo de CA (9 votos), e coa abstención do BNG (2 votos), rexeitanse os seguintes puntos:

3.- Demandar da Xunta de Galicia que manteña o compromiso de cofinanciamento asumido coa EDAR de Santiago de Compostela e, en consecuencia, achegar o 20% do investimento do proxecto comprometido desde a Administración autonómica.

4.- Solicitar do Goberno de España que os fondos europeos do programa operativo Feder 2014-2020 que non se poidan destinar á depuradora de Santiago de Compostela se reasignen a outras obras importantes e imprescindibles nesta materia da Comunidade galega”.

8- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA REITERAR A NECESIDADE DE CREAR UN PLAN PARA SUBSTITUÍR AS TUBAXES CON AMIANTO DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGAS, DE DATA 08 DE XANEIRO DE 2019, NUMERO DE REXISTRO 12.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para reiterar a necesidade de crear un inventario de instalacións con fibrocemento do noso municipio e elaborar un plan de substitución das tubaxes con este material nocivo para a saúde da rede de abastecemento da auga potable.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG trasladou en marzo de 2016 unha moción para elaborar un plan de substitución das tubaxes de fibrocemento da rede de abastecemento da auga potable e un compromiso de eliminación de calquera outro produto relacionado co amianto.

De acordo cos datos achegados polo Goberno local naquel Pleno, en Santiago de Compostela hai 88 quilómetros con 242 metros de tubaxe de fibrocemento con diámetros comprendidos entre os 50 e os 700 mm.

Xa daquela advertiamos da complexidade do problema e que sería necesaria unha axeitada planificación e tempo para a substitución destas instalacións de fibrocemento. Por iso pretendiamos que, para conseguir a longo prazo a eliminación deste material no noso municipio, era necesaria a curto e medio prazo a localización, a través do seu inventario, do amianto existente en Santiago de Compostela, pois do contrario non se tomarán as precaucións axeitadas nin se acudirá a empresas autorizadas, provocando exposicións inadvertidas e graves consecuencias na veciñanza e en traballadores por unha inadecuada xestións deses residuos perigosos.

O certo é que tres anos despois, o Goberno municipal aínda non elaborou o plan de substitución deste material nocivo para a saúde para facer con consignación orzamentaria a medio prazo.

Deste xeito, recíbense queixas de que cando rompen as tubaxes obsoletas tan só se parchea a zona sen realizar cambios estruturais de mantemento da rede de abastecemento de auga potable.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela elaborará e aplicará un plan de substitución das tubaxes de fibrocemento da rede de abastecemento da auga potable, ademais dun inventario para localizar as instalacións que conteñen este material nocivo.

O pleno da corporación, por unanimidade dos presentes, aproba seguinte acordo:

O Concello de Santiago de Compostela elaborará e aplicará un plan de substitución das tubaxes de fibrocemento da rede de abastecemento da auga potable, ademais dun inventario para localizar as instalacións que conteñen este material nocivo.

9- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dase conta ao Pleno da Corporación das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas comprendidas entre o día 23 de novembro e o 4 de decembro de 2018, números 8257 ao 8591.

Así mesmo dase conta das seguintes actas da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

- Nº 89, da sesión extraordinaria-urxente de data 28 de novembro de 2018.
- Nº 90, da sesión ordinaria de data 30 de novembro de 2018.
- Nº 91, da sesión ordinaria de data 07 de decembro de 2018.
- Nº 92, da sesión extraordinaria-urxente de data 11 de decembro de 2018.
- Nº 93, da sesión ordinaria de data 14 de decembro de 2018.
- Nº 94, da sesión extraordinaria-urxente de data 17 de decembro de 2018.
- Nº 95, da sesión extraordinaria-urxente de data 20 de decembro de 2018.

10.- ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

- Do grupo municipal do PSdG-PSOE de data 08 de xaneiro de 2019, núm. 3.
- Do grupo municipal de Partido Popular de data 08 de xaneiro de 2019, núm. 7.
- Do grupo municipal de Partido Popular de data 08 de xaneiro de 2019, núm. 10.
- Do grupo municipal do BNG de data 09 de xaneiro de 2019, núm. 19.
- Do grupo municipal de Partido Popular de data 09 de xaneiro de 2019, núm. 23

Preguntas resposta oral:

- Do grupo municipal do PSdG-PSOE de data 08 de xaneiro de 2019, núm. 4
- Do grupo municipal de Partido Popular de data 08 de xaneiro de 2019, núm. 9.
- Do grupo municipal de Partido Popular de data 08 de xaneiro de 2019, núm. 11.
- Do grupo municipal do BNG de data 09 de xaneiro de 2019, núm. 14.
- Do grupo municipal do BNG de data 09 de xaneiro de 2019, núm. 15.
- Do grupo municipal do BNG de data 09 de xaneiro de 2019, núm. 20.
- Do grupo municipal de Partido Popular de data 09 de xaneiro de 2019, núm. 22.

Preguntas resposta escrito:

- Do grupo municipal de Partido Popular de data 02 de xaneiro de 2019, núm. 1.

11.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 08 de xaneiro de 2019, número 5, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, SOBRE A SITUACIÓN DO TURISMO EN SANTIAGO.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN SOBRE A SITUACIÓN DO TURISMO EN SANTIAGO.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos que se están a coñecer estas semanas sobre número de viaxeiros e o aeroporto de Lavacolla, tanto por organismos oficiais como o Instituto Nacional de Estadística (INE), Aena o por parte de organizacións de empresas do sector, como é o caso de Exceltur, confirman que o turismo en Santiago, un dos principais eixos sobre os que xira a economía local, está a rexistrar datos cando menos preocupantes.

Os socialistas levan moito tempo advertindo das patoloxías do turismo en Compostela e denunciando as escasas, e ás veces nulas, respostas que se están a dar por parte do goberno municipal, tal e como evidencian os datos que se están dando a coñecer coincidindo co remate do ano. Así, e agardando ás finais -que se farán públicas en cuestión de días-, o INE reflexa unha baixada, entre novembro de 2017 e 2018, de 116.479 viaxeiros, que no caso dos estranxeiros supón unha redución do 22,2% con respecto ao ano pasado.

Tamén as pernoctacións rexistraron unha baixada importante, 107.996 menos e, neste eido, o caso dos estranxeiros é notable, posto que se reduciu nun 17%. A estadía media, pola súa banda, segue lonxe das dúas noite e se sitúa en arredor de 1,8 noites.

Isto tivo un impacto no grao de ocupación, que foi inferior tanto nas fins de semana (case catro puntos menos) como por praza (cae case tres puntos). Tamén o impacto se ten resentido no rendemento económico. A baixada supuxo -tomando estes datos e as últimas cifras publicadas de gasto, que son de 2017-, un gasto en turismo por parte de viaxeiros de 12,5 millóns -ou sexa, de ingresos para o sector e para a cidade-, e se temos en conta a diferenza na rendabilidade media -nos destinos urbanos é de 76,3 euros por habitación e en Santiago é de 53,7-, e perda económica ascende a 28 millóns de euros.

No que se refire ao aeroporto de Lavacolla, os datos acumulados en 2018 -ata o 30 de novembro de presente ano- apuntan un cremento moi inferior ao do resto de terminais de España -3,3% fronte ao 5,7% de media estatal- e menor tamén ao das terminais galegas -A Coruña un 7,4% e Vigo un 5,5%-. En operacións aínda é peor, posto que Lavacolla incrementou un 1,6% fronte o 5,6% da media do Estado, e no caso de Alvedro, por exemplo, a suba foi do 8,5%.

Esta situación leva a que Santiago teña perdido por primeira vez un punto de cota de mercado con respecto ás dúas outras terminais galegas, e a que a suma deses dous aeroportos gañen case tres puntos con respecto ao de Compostela.

Tampouco se pode esquecer a perda para Lavacolla durante este mandato de Turkish Airlines –importante centro de conexión, *hub*, entre Europa y Asia-, así como a anunciada eliminación do servizo a Barcelona de Ryanair a partires do vindeiro mes de abril, que malia a intención por parte da compañía de incrementar as rutas ás Illas Canarias, non suple esta perda pola importancia que ten El Prat como aeroporto de conexión con outros moitos destinos nacionais e internacionais.

E por último lugar e como lembraba este Grupo Municipal Socialista a través dunha moción presentada –e aprobada- en sesión plenaria do pasado mes de marzo, das 22 rutas propostas en 2014 polo Comité de Rutas, unicamente se teñen incorporado as directas a Ámsterdam, Bruselas, Roma, Berlín, Dusseldorf e Munich, quedando aínda pendentes dese plan estratéxico Bos Aires, Caracas, Estocolmo, Marsella, Manchester, Montevideo, Nantes, ou Nova Iork.

Por todo o expostos anteriormente, o Grupo Socialista do Concello de Santiago de Compostela presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno a seguinte **MOCIÓN** instando ao goberno municipal a cumprir os seguintes puntos para o vindeiro pleno ordinario do mes de febreiro:

1. Presentar a súa proposta para modificar Incolsa, toda vez que era un dos compromisos do programa electoral de Compostela Aberta e, tres anos e medio despois, non se ten realizado nada ao respecto.
2. Explicar as razóns polas que a proposta orzamentaria para 2019, finalmente rexeitada polos votos dos grupos da oposición, contemplaba unha baixada nas partidas relativos ao turismo.
3. Presentar un calendario coas rutas internacionais que aínda quedan por implantar na terminal de Lavacolla do plan estratéxico de 2014 do Comité de Rutas.
4. Dar a coñecer, co pertinente estudo, o impacto sobre o aeroporto de Lavacolla que ten a perda, primeiro, de Turkish Airlines, e recentemente (a partires do 1 de abril) da conexión de Ryanair con Barcelona.
5. Presentar a memoria do primeiro ano do Plan Estratéxico de Turismo, así como urxir a presentar o informe de avaliación do anterior plan.

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 5: 2 votos (B.N.G), e 3 votos (P.S.O.E.), cos votos en contra 9 (grupo C.A.) e coa abstención 9 votos (P.P.), rexeita dita moción.

Rexistro de entrada do día 08 de xaneiro de 2019, número 6, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, SOBRE O DESEMPREGO FEMININO EN SANTIAGO.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN SOBRE O DESEMPREGO FEMININO EN SANTIAGO:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do emprego segue a ser unha das principais preocupacións para a veciñanza de Santiago e, dun xeito específico, a taxa da paro e a precarización dos postos de traballo

que se crean evidencian que as políticas activas de fomento do emprego deben ser prioritarias para as administracións, incluída a municipal.

E lonxe de ser optimistas cos datos que falan dunha baixada do paro, que para o grupo socialista están vencellados de forma directa co incremento de parados de longa duración (persoas desempregadas que perden as prestacións e, polo tanto, xa non integran as listas oficiais) e cun incremento notable da precariedade, a realidade fala dunha situación complexa e que precisa de diversas accións encamiñadas a crear postos de traballo e mellorar as condicións dos empregos que se xeneren.

Pero se as cifras non son precisamente para chamar ao optimismo e mesmo agochan unha realidade preocupante para moitos milleiros de persoas de Santiago, no caso das mulleres a situación é claramente peor. Así, tomando como referencia a Enquisa de Poboación Activa (EPA) do terceiro trimestre do ano, así como os datos de desemprego de novembro –os últimos as que nesta data o grupo municipal socialista tivo acceso-, a realidade é que en poboación activa a diferenza entre mulleres e homes é de oito puntos, malia ser maior o número de mulleres, e o mesmo acontece co nivel de ocupación, xa que mentres que no caso das mulleres a ocupación está nun 58,1%, no dos homes é do 62,1% (é dicir, catro puntos inferior).

A situación de longa duración tamén afecta, e dun xeito especialmente notable, ás mulleres, cun 47,9% máis de paro con respecto ao dos homes.

E se o desemprego en Santiago ten cara de muller, a precariedade tamén. Así, segundo os datos oficiais, o 95% de contratos asinados por mulleres son temporais, pero é que ademais no último ano a temporalidade feminina incrementouse máis dun 10%, o que significa tres puntos máis que a dos homes. Outra cifra que non deixa lugar a dúbidas da situación de precarización laboral feminina é que do total de contratos iniciais a tempo parcial, o 79% son de mulleres.

A fenda salarial é outra das realidades das mulleres a nivel xeral e, así, coas cifras relativas ao conxunto da provincia relativos a 2017 (os últimos que se deron a coñecer), existe unha diferenza media de 5.000 euros entre o que cobran os homes ao ano (21.824 euros) e as mulleres (16.984 euros), o que sitúa a fenda nun 22,2%. E os datos falan de retroceso, xa que nos últimos tres anos foron 500 euros nos que se incrementou esta diferenza.

Con estas cifras, que deixan poucas dúbidas sobre a situación real das mulleres no eido laboral, a este grupo municipal sorpréndelle moito que o goberno municipal non teña sido quen de artellar medidas específicas efectivas para paliar o desemprego feminino e a súa precarización laboral, e mesmo teña deixado sen gastar na partida de “fomento do emprego” ata un millón de euros.

Por todo o exposto, o Grupo Socialista do Concello de Santiago de Compostela presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno a seguinte **MOCIÓN** instando ao goberno municipal a cumprir os seguintes puntos para pleno de febreiro:

1. Presentar, en base ao Plan Municipal de Emprego, as medidas que se teñen tomado para diminuír o desemprego feminino e a súa precarización laboral, especificando os indicadores que se teñen considerado para o desenvolvemento das mesmas, así como o resultado obtido.
2. En relación co primeiro punto, recibir información sobre o investimento da cada unha das accións ou programas de fomento de emprego feminino desenvolvido ata o momento, co número de participantes e de mulleres que, grazas a ditas accións, teñen accedido ao mercado laboral.

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 14: 2 votos (B.N.G),3 votos (P.S.O.E.), 9 votos (P.P.), e coa abstención 9 votos (grupo C.A.), aproba dita MOCIÓN instando ao goberno municipal a cumprir os seguintes puntos para pleno de febreiro:

1. Presentar, en base ao Plan Municipal de Emprego, as medidas que se teñen tomado para diminuír o desemprego feminino e a súa precarización laboral,

especificando os indicadores que se teñen considerado para o desenvolvemento das mesmas, así como o resultado obtido.

2. En relación co primeiro punto, recibir información sobre o investimento da cada unha das accións ou programas de fomento de emprego feminino desenvolvido ata o momento, co número de participantes e de mulleres que, grazas a ditas accións, teñen accedido ao mercado laboral.

Rexistro de entrada do día 09 de xaneiro de 2019, número 13, presentada polo grupo municipal COMPOSTELA ABERTA, INSTANDO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL A REFORMAR O PROXECTO DE “ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP-7804 VAL DO DUBRA A SANTIAGO”, PARA INCLUIR A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRUAS.

Rafael Peña Vidal, concelleiro de Medio Rural, Mantemento o Obras para o equilibrio territorial presenta para o seu debate e aprobación no Pleno a seguinte :

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA, INSTANDO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL A REFORMAR O PROXECTO DE “ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP-7804 VAL DO DUBRA A SANTIAGO”, PARA INCLUIR A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

No termo municipal de Santiago de Compostela existen numerosas infraestruturas de comunicación dependentes doutras administracións, como autoestradas, ferrocarril e estradas convencionais.

A Deputación Provincial de A Coruña é titular, entre outras, das estradas DP – 7803 (Santiago a Figueiras), DP – 7802 (Roxos a Reborido), DP – 7804 (Val do Dubra a Santiago), e DP – 8203 (Vedra a Santa Lucía), que transcorren principalmente ou de xeito íntegro polo noso municipio.

No caso da DP – 7804, en maio de 2018 o Pleno provincial aprobou o proxecto de *Ensanche, mellora do trazado e firme da estrada provincial entre os puntos quilométricos 18 + 690 e 22 + 223*, na Peregrina. A explicación sobre esta actuación foi a de facer unha “estrada máis segura para os viandantes e tamén para os vehículos”.

Esta actuación desenvólvese -parcialmente- en terreos cualificados como solo urbano ou urbanizable, continuando unha actuación previa na que tramos desa estrada se acondicionaron como travesía. Porén, a diferenza do previsto noutras vías provinciais que discorren polo noso termo municipal, no seu proxecto para a DP – 7804, a Deputación non contempla a execución de beirarrúas ou, no seu defecto, sendas peonís, senón cunetas (revestidas e sen revestir)

Recentemente, procedeuse ao levantamento das actas previas á ocupación. É necesario, polo interese xeral da veciñanza da parroquia da Peregrina, que se reforme á maior brevidade ese proxecto, de xeito que se mellore a seguridade viaria peonil.

Por todo o exposto, o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación no Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar á Deputación Provincial de A Coruña a reformar o proxecto de *Ensanche, mellora do trazado e firme da estrada provincial entre os puntos quilométricos 18 + 690 e 22 + 223 na DP – 7804, Val do Dubra a Santiago*, para a mellora da seguridade viaria peonil, contemplando a execución de beirarrúas e itinerarios para peóns.

Non se admite a enmenda co número de rexistro 29 de fecha 17 de xaneiro de 2019, presentada polo grupo B.N.G.,

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 18: 9 votos (grupo P.P.) e 9 votos (C.A.) e coa abstención 5: 3 votos (P.S.O.E) e 2 votos (B.N.G.), aproba dita MOCIÓN:

Instar á Deputación Provincial de A Coruña a reformar o proxecto de Ensanche, mellora do trazado e firme da estrada provincial entre os puntos quilométricos 18 + 690 e 22 + 223 na DP – 7804, Val do Dubra a Santiago, para a mellora da seguridade viaria peonil, contemplando a execución de beirarrúas e itinerarios para peóns.

Rexistro de entrada do día 9 de xaneiro de 2019, número 16, presentada polo grupo municipal do BNG, PARA UNHA MELLORA DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL E CREAR UNHA ZONA DE ESPAREXEMENTO NA PARROQUIA DE CARBALLAL.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a mellora de acondicionamento do local social da parroquia do Carballal e crear unha zona de espaxeamento para a veciñanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación Veciñal “O Pasadoiro” puxo en coñecemento do noso grupo municipal unhas serie de reivindicacións que a veciñanza pensa que son necesarias para as persoas que viven nas aldeas do rural, en concreto da parroquia de Carballal.

O local social precisa unha reforma. Concretamente o mobiliario atópase bastante deteriorado. Precisan un punto informático no local con conexión a internet e o taboleiro de anuncios débese mudar por un novo.

A veciñanza do rural tamén precisa lugares de espaxeamento por iso as veciñas e veciños da parroquia de Carballal queren que preto do local social se faga un parque biosaúdabel e un pequeno parque para as crianzas da contorna.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Que o goberno municipal leve a cabo unha mellora integral do local social de Carballal e faga unha zona de espaxeamento para a veciñanza na súa contorna.

O pleno da corporación, por unanimidade dos presentes, aproba a dita MOCIÓN:

Que o goberno municipal leve a cabo unha mellora integral do local social de Carballal e faga unha zona de espaxeamento para a veciñanza na súa contorna.

Rexistro de entrada do día 09 de xaneiro de 2019, número 17, presentada polo grupo municipal do BNG, PARA VIXIAR AS AFECTACIÓNS DA SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DUNHA GASOLINEIRA NO CASTIÑEIRIÑO.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada a vixiar as afectacións da solicitude de instalación dunha gasolinera no Castiñeiriño que causa preocupación na veciñanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No barrio do Castiñeiriño, a veciñanza expresou o seu malestar ante o anuncio da instalación dunha gasolinera nunha zona próxima a vivendas, ante o temor de que este negocio vaia provocar problemas de seguranza, mobilidade, ruído, malos olores e contaminación do aire polas emisións procedentes da evaporación de combustíbeis de xeito continuado para as persoas que residen na zona. Ademais, ten nas inmediacións un centro sanitario destinado a tratamentos mediante diálise.

A estación de servizo pretende emprazarse nun terreo que no PXOM figura como rústico agrario, polo que aproveitan a permisividade legal con este tipo de negocios recollida no artigo 35 da Lei do Solo de Galiza sobre usos e actividades en solo rústico que inclúe as “instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e as previstas na ordenación sectorial destas, así como as estacións de servizo”.

A veciñanza non entende as facilidades que se lle deron desde o Concello na autorización de licenzas e redacción de informes positivos para este negocio, cando xa hai outro deste tipo nas proximidades, sen atender os problemas que pode ocasionar a proliferación de estacións de servizo de repostaxe tendo en conta que poden prexudicar a calidade de vida das persoas residentes no barrio.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago atenderá as demandas da veciñanza do Castiñeiriño e vixiará as posíbeis afectacións da instalación dunha gasolinera neste barrio.

O pleno da corporación, por unanimidade dos presentes, aproba dita MOCIÓN:

O Concello de Santiago atenderá as demandas da veciñanza do Castiñeiriño e vixiará as posíbeis afectacións da instalación dunha gasolinera neste barrio.

Rexistro de entrada do día 09 de xaneiro de 2019, número 18, presentada polo grupo municipal do BNG, PARA DESIGNAR CO NOME DE “DANIEL CASTELAO” A ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada a designar co nome de ‘Daniel Castelao’ a estación intermodal de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Daniel Castelao, destacado político nacionalista, na súa etapa de deputado nas Cortes, fixo unha especial defensa da necesidade de mellora do ferrocarril en Galiza. O certo é que, 85 anos despois daquelas intervencións en que analizaba a falta de infraestruturas ligadas á dificultade para Galiza avanzar no desenvolvemento

socioeconómico, segue a ser vixente en termos de desigualdade e discriminación con respecto a outros territorios do Estado español.

Con motivo das obras para a dotación da estación intermodal en Santiago de Compostela, que será punto de chegada e de saída da capital de Galiza para milleiros de persoas cada día, é momento de escoller un nome para esta infraestrutura que pode designarse 'Daniel Castelao'. Ademais, pódese integrar no propio deseño do proxecto a tipografía e a súa obra gráfica para alén de usar o seu interior como espazo expositivo permanente para dar a coñecer a súa traxectoria cultural e política para a creación de conciencia nacional e sempre en defensa dos intereses de Galiza.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago instará a ADIF e a Xunta de Galiza para designar co nome de 'Daniel Castelao' a estación intermodal de Santiago de Compostela e integrar no propio deseño a súa tipografía, obra gráfica e dispor no seu interior dunha exposición permanente para dar a coñecer o seu labor.

O pleno da corporación, por unanimidade dos presentes, aproba dita MOCIÓN:

O Concello de Santiago instará a ADIF e a Xunta de Galiza para designar co nome de 'Daniel Castelao' a estación intermodal de Santiago de Compostela e integrar no propio deseño a súa tipografía, obra gráfica e dispor no seu interior dunha exposición permanente para dar a coñecer o seu labor.

Rexistro de entrada do día 09 de xaneiro de 2019, número 21, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, PARA A REAPERTURA AO PÚBLICO DO XARDÍN DO PAZO DE AMARANTE.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN PARA A REAPERTURA AO PÚBLICO DO XARDÍN DO PAZO DE AMARANTE:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través dunha iniciativa presentada no Pleno de abril de 2018, o Grupo Popular facíase eco da decisión adoptada no seo da Comisión para o seguimento do convenio suscrito a finais de 2012 polo Goberno municipal do Partido Popular para o acceso ao xardín do Pazo de Amarante na Algalia de Arriba, comisión que se celebrou a principios de 2018 e na que tomaron parte dous concelleiros de Compostela Aberta, mediante a que se acordaba o peche do xardín en horario de mañá todos os días laborables, a partir de 13 de febreiro de 2018. Deste xeito, o horario de acceso público quedaba reducido nos días laborables entre as 15.30 e as 18.30 horas en inverno e as 15.30 e as 20.30 horas en verán, un horario que unicamente se ampliaba os sábados, domingos e festivos desde as 9 da mañá.

Poñíase así fin a un amplo horario diario que se mantivo durante cinco anos e que acabou limitándose como consecuencia de que, en agosto de 2017, a Secretaría Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia iniciou un expediente de resolución do convenio suscrito no seu día, polos incumprimentos por parte do Concello que foron denunciados polos órganos autonómicos establecidos no Pazo de Amarante (Consello Consultivo de Galicia, Consello Económico e Social e Consello Galego de Relacións Laborais).

Entre as incidencias que se denunciaban estaban os problemas derivados da apertura e peche automatizado do portal de acceso ao xardín, a entrada de vehículos non autorizados no espazo pavimentado, o acceso de animais ao recinto, así como a limpeza e mantemento da zona de acceso, actos de vandalismo, roubo nos vehículos estacionados, consumo de estupefacientes e actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas nese ámbito.

Aínda que a iniciativa presentada en abril de 2018 foi aprobada por unanimidade, nada do que nela se recollía foi realizado ou polo menos nada ten transcendido: nin se logrou restablecer o horario matinal de acceso público diario nos días laborables desde as 9 da mañá, como se viña facendo desde setembro de 2012, nin se mellorou o coidado, limpeza e conservación do xardín e da súa fonte ornamental, tal e como se contemplaba no convenio coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, titular da propiedade, no que o Concello se comprometía –e así se veu facendo durante cinco anos- a encargarse da apertura e peche das portas de acceso e do mantemento da superficie.

Lonxe de solucionar as restricións e a ausencia de coidados por parte do Concello, coa entrada deste ano 2019 comprobamos que o recinto permanece pechado permanentemente, todos os días de semana e a todas horas, mesmo empeorando as condicións que se mantiñan desde o febreiro pasado e volvendo á situación anterior ao ano 2012 cando o xardín de Amarante mantiña o acceso vedado á toda a poboación de Santiago. Resulta paradóxico que co Goberno de Compostela Aberta – pola súa falta de acción e incapacidade para manter as condicións do convenio- se peche un espazo de gran valor ambiental nunha zona moi necesitada deste tipo de espazos, con camelios de gran porte e cunha fonte barroca no seu centro, unha zona verde da que a veciñanza veu gozando durante máis de 6 anos, froito das xestións dun Goberno popular.

Á vista desta situación, que supón un retroceso nos servizos e na calidade ambiental de toda a veciñanza da zona histórica e en especial da contorna da Algalia e da Praza de Salvador Parga, proponse a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello insta ao correspondente órgano do Goberno a:

- 1. Coa maior urxencia, adoptar as medidas precisas para recuperar a apertura ao público dos xardíns do Pazo de Amarante nas mesmas condicións que se acordaron mediante o convenio do ano 2012 ou, cando menos e como mal menor, nos meses de verán.***
- 2. Incluír nas accións a desenvolver para a rehabilitación do edificio cedido por Abanca na Praza de Salvador Parga, que se prevé destinar a centro sociocultural para a cidade histórica, a posibilidade –previa negociación cos correspondentes titulares das parcelas- de crear a través del un acceso ao xardín do Pazo de Amarante que permita de cara ao futuro a conservación, a vixilancia e o control do uso público deste espazo natural en función dos horarios e coas posibilidades que ofrezan as novas instalacións municipais.***

O pleno da corporación, por unanimidade dos presentes, aproba dita MOCIÓN:

- 1. Coa maior urxencia, adoptar as medidas precisas para recuperar a apertura ao público dos xardíns do Pazo de Amarante nas mesmas***

condicións que se acordaron mediante o convenio do ano 2012 ou, cando menos e como mal menor, nos meses de verán.

- 2. Incluir nas accións a desenvolver para a rehabilitación do edificio cedido por Abanca na Praza de Salvador Parga, que se prevé destinar a centro sociocultural para a cidade histórica, a posibilidade –previa negociación cos correspondentes titulares das parcelas- de crear a través del un acceso ao xardín do Pazo de Amarante que permita de cara ao futuro a conservación, a vixilancia e o control do uso público deste espazo natural en función dos horarios e coas posibilidades que ofrezan as novas instalacións municipais.**

Rexistro de entrada do día 09 de xaneiro de 2019, número 24, presentada polo grupo municipal COMPOSTELA ABERTA, PSOE E BNG POLA DEFENSA DOS DEREITOS DAS MULLERES, O CUMPRIMENTO E MELLORA DO PACTO DE ESTADO EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XENERO, A RETIRADA DA DEFINICIÓN “VIOLENCIA DOMESTICA” DO DEBATE INSTITUCIONAL E A INCORPORACION DO TERMO FEMINICIDIO.

O pleno da corporación, por unanimidade aproba a seguinte declaración institucional:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA DEFENSA DOS DEREITOS DAS MULLERES, O CUMPRIMENTO E MELLORA DO PACTO DE ESTADO EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO, A RETIRADA DA DEFINICIÓN "VIOLENCIA DOMÉSTICA" DO DEBATE INSTITUCIONAL E A INCORPORACIÓN DO TERMO FEMINICIDIO.

A organización social da nosas sociedades actuais caracterízase polo exercicio sistemático da violencia contra as mulleres, constituíndo dita violencia o principal mecanismo para normalizar e perpetuar as desigualdades e xerarquías de xénero existentes. Polo tanto, a violencia contra as mulleres ten unha orixe social. Desde mediados da década de 1990 – desde a Conferencia de Beijing- este tipo de violencia comezou a denominarse *violencia de xénero* para resaltar a súa orixe está directamente ligada á construción social duns roles de xénero, aos que se lles asigna diferente valor e unha xerarquía, sendo o masculino o que ten o poder e o recoñecemento e o feminino unha posición subordinada. Trátase dun tipo de violencia que se exerce de forma específica contra as mulleres, polo feito de seren mulleres (isto é, por teren asignado un rol feminino nunha estrutura patriarcal), e que pode adquirir diferentes formas: física, psicolóxica, económica, sexual, simbólica, institucional, acoso, trata de mulleres e nenas, etc.

Segundo as cifras oficiais, desde o ano 2003 até a actualidade, 976 mulleres foron asasinadas, e desde o 2013, ano en que comeza o reconto oficial, 24 nenos e nenas foron asasinados e asasinadas pola violencia machista e patriarcal no Estado español. Segundo datos da Fiscalía, 16 mulleres de media sofren violencia machista cada día en Galiza, con violencia física e psicolóxica, agresións á liberdade sexual, ameazas, coaccións ou son privadas de liberdade. Máis de 3.200 mulleres galegas nestes momentos están baixo protección policial porque teñen a súa vida ameazada polas súas parellas ou exparellas. Son 57 as mulleres que, nos últimos 15 anos, foron asasinadas a mans das súas parellas ou exparellas en Galiza.

E estas cifras representan só a punta do iceberg; as asociacións de mulleres documentan un número aínda maior de casos no seu traballo cotián e son centos de miles de mulleres e nenas e nenos sobreviventes das diferentes formas de violencia de xénero as que non forman parte das estatísticas oficiais e buscan apoio e protección fronte a estes graves abusos.

En Galiza aprobouse a Lei 11/2007, de 27 de xullo de 2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, unha lei que tivo, entre outros aspectos, a importancia de aplicar de forma pioneira o concepto de violencia de xénero máis aló do ámbito da parella ou ex-parella, recollendo así o carácter global da mesma e abarcado as múltiples dimensións que engloba.

A conceptualización da violencia de xénero que estrutura esta lei está amplamente estudada e forma parte da maioría dos tratados internacionais como a OMS, CEDAW ou o Consello de Europa. Esta lei integral galega tamén foi resultado do rol xogado polo activismo feminista durante as décadas anteriores respecto á defensa dos dereitos das mulleres, definidos estes como dereitos humanos.

Esta mesma concepción e definición do termo violencia de xénero está presente no recente Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, aprobado o 28 de setembro de 2017 polo Congreso dos Deputados. Este pacto debería ser mellorado mais, cando menos, reconece as obrigas das distintas administracións derivadas da normativa española e internacional, particularmente respecto ao Convenio Europeo de prevención e loita contra a violencia contra as mulleres como o Convenio de Istambul. Esta norma europea fundamental ampliou a actuación de todas as administracións públicas, incluídas as entidades locais, fronte á violencia patriarcal en todas as súas manifestacións: ademais da violencia cometida no ámbito da parella ou ex-parella, inclúense tamén a violencia sexual, o acoso sexual, os matrimonios forzosos e a mutilación xenital feminina, entre outras.

No Pacto de Estado recóllese o compromiso explícito, na medida 204, de establecer financiamento específico para o cumprimento das obrigas previstas no Convenio de Istambul por parte de todas as administracións públicas.

Recentemente, observamos con grande preocupación que se están producindo graves retrocesos nos discursos institucionais sobre os dereitos das mulleres por parte de determinadas forzas políticas, que avogan por substituír o termo "violencia de xénero" pola expresión "violencia doméstica". Con seguridade, detrás desta proposta hai un interese ideolóxico claro en xerar confusión social entre estes dous conceptos – os cales están sobradamente analizados e diferenciados desde hai décadas grazas ao traballo intelectual e teórico do feminismo¹ -e en situar no centro das súas axendas políticas conservadoras e ultraconservadoras o ataque aos dereitos das mulleres. Estase facendo unha defensa inequívoca e radical do sistema patriarcal, que atenta de forma directa e moi perigosamente contra o avance da igualdade das mulleres, e polo tanto contra uns dos piares básicos da nosa democracia. Non se trata ademais dunha posición ideolóxica en abstracto senón que se fai alusión aos recursos públicos destinados ás mulleres e ás políticas de igualdade, socavando deste xeito a idea mesma de igualdade. Xógase coa manipulación da suposta discriminación dos homes. Un discurso reaccionario que ten por obxectivo evitar dar conta das causas,

¹ A violencia doméstica ou intrafamilia é aquela que ten lugar exclusivamente no fogar e pode ser exercida por calquera membro da familia e sufrida por calquera membro da familia: de pais a fillos/as, de nais a fillas/os, entre cuñados, de avoas a netos, de netas a avós, etc. En España recóllese en varias normas, entre elas nos artigos 153 e 173 do Código Penal.

motivacións e obxectivos que hai detrás da violencia estrutural contra as mulleres. O que se pretende deste xeito é, por unha parte, agochar a violencia específica contra as mulleres entre outras violencias, de tal forma que non se poidan coñecer as súas consecuencias e o seu impacto social. E, por outra parte, búscase eliminar do relato político as causas estruturais e sistémicas das violencias machistas e falar só do resultado, para así non ter que abordar por que as mulleres sofren violencia ou son asasinadas, isto é, a razón de ser do propio patriarcado, o sometemento e subordinación das mulleres.

Ante a gravidade do contexto político actual, onde determinados partidos políticos utilizan como moeda de cambio o retroceso nos dereitos fundamentais das mulleres á hora de negociar a conformación dun goberno autonómico e os correspondentes postos institucionais, consideramos imprescindible defender de forma contundente, e sen ningún ápice de dúbida, os avances políticos e xurídicos que en materia de igualdade de xénero se teñen conseguido ata o momento e manifestar de forma rotunda o noso compromiso para seguir traballando a prol dunha sociedade máis igualitaria e totalmente libre de violencia patriarcal. Para iso, entre outras cuestións, será preciso continuar reformulando o noso ordenamento xurídico e avanzar na inclusión do termo "feminicidio", acuñado por Marcela Lagarde e recentemente impulsado en Galiza por Carme Adán. Trátase dun concepto que dá conta da violencia específica que sofren as mulleres só por seren mulleres e que sinala a dimensión política dos asasinatos das mulleres.

Por todo o exposto, o Concello de Santiago de Compostela **ACORDA:**

- 1-. Apoiar as mobilizacións e reivindicacións do movemento feminista para non dar ningún paso atrás respecto á defensa dos dereitos das mulleres.
- 2- Esixir o cumprimento efectivo das medidas establecidas no Pacto de Estado en materia de recursos para prevención, detección e atención integral fronte as diferentes manifestacións da violencia machista e mesmo se mellore o propio pacto.
- 3- Condenar publicamente as declaracións institucionais daquelas forzas políticas que substitúan o termo "violencia de xénero" por "violencia doméstica" cando estean a referirse á violencia contra as mulleres polo feito de ser mulleres.
- 4- Instar ao Parlamento galego para que garanta a inclusión do termo feminicidio na lexislación galega en materia de violencia de xénero..

Rexistro de entrada do día 14 de xaneiro de 2019, número 25, presentada polo grupo municipal BNG. MOCIÓN DE URXENCIA PARA INSTAR A XUNTA A CUMPRIR A TÁBOA REIVINDICATIVA DA COMISIÓN DE CENTRO DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA DO HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción de urxencia para o seu debate en Pleno destinada a instar a Xunta a cumprir a táboa reivindicativa da Comisión de centro de atención especializada da folga de Urxencias do CHUS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Comisión alternativa de Sanidade do Parlamento fíxose unha denuncia, que chegou á Fiscalía, de posíbel trato non adecuado o pasado 2 de xaneiro a dous doentes que faleceron nas Urgencias do CHUS por mor da falta de atención médica durante un período de colapso no servizo, polo que cómpre advertir das consecuencias das políticas de recortes e privatizacións efectuadas durante os últimos anos por parte da Xunta de Galiza na Consellaría de Sanidade.

Segundo se explicou nesa comisión, o 2 de xaneiro accederon ao servizo de Urgencias do CHUS 29 pacientes con catro paradas graves, dos que dous faleceron horas máis tarde e cómpre investigar se recibiron o trato adecuado por mor da falta de profesionais suficientes neste centro. Urgencias puxo en coñecemento da Xerencia e da Consellaría de Sanidade a alerta sobre a situación de colapso que puido provocar a morte dos dous doentes, un por parada cardíaca e outra por isquemia intestinal, polo que a Fiscalía abrirá dilixencias informativas penais.

A atención sanitaria no CHUS funciona polo esforzo do persoal médico e de enfermaría que suplen con boa vontade e profesionalidade moitos dos problemas derivados dos recortes en atención primaria, listas de garda, material insuficiente e obsoleto, precariedade laboral, plantas pechadas e doentes nos corredores de Urgencias. Neste sentido, a Comisión de Sanidade alternativa que se desenvolve no Parlamento contribúe a desvelar a verdadeira realidade sanitaria en Galiza.

A conflitividade derivada dos recortes afecta a toda a sanidade pública galega que se está a mobilizar de xeito continuado: persoal de hospitais, PAC, persoal da central de chamadas do 061, ambulatorios e ambulancias que levan tres anos sen convenio, entre outros, aos que se suma a Asociación de pacientes e usuarios/as do CHUS e o persoal facultativo de Urgencias deste centro que leva dous meses en folga.

Neste sentido, a plataforma reivindicativa da folga convocada no servizo de Urgencias do hospital clínico inclúe, entre outros, a elaboración do plan funcional negociado coa Comisión de Centro e acordado co equipo multidisciplinar, adaptado á realidade asistencial e que se utilice o 100% do espazo desta área de Urgencias coa dotación de persoal de maneira estábel.

Reclaman tamén a dotación de tres celadores/as para cubrir as quendas de mañá, tarde e noite.

Aumento do cadro de profesionais de técnicos de coidados de auxiliares de enfermaría (TCAE) que se traduza en 7 presenza máis de xeito que en todas as quendas e cada día da semana sexa de 11 traballadores/as, co compromiso de aumentar esa proporción cando o servizo empece a medrar.

En Enfermaría, o aumento de 4 en quenda de mañá, 4 en quenda de tarde e 5 en quenda de noite.

O incremento de 5 médicos/as.

Unha zona dedicada a observación de pacientes con patoloxías leves.

Priorización de interconsultas que se xeran en Urgencias, o cumprimento dos requirimentos de inspección de traballo que seguen sen aplicarse como que as vías de evacuación estean despexadas, entre outros.

Ademais das melloras recollidas en canto a críticos, monitores, boxes, sillóns, observación, curas, filtro e triaxe.

Demandan tamén a substitución do 100% das ausencias, a reposición do material deteriorado e obsoleto e a elaboración de protocolos para a asistencia de pacientes pendentes de ingreso mentres permanezan na unidade, minimizando tempos de estancia e adecuación de tratamentos.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago insta a Xunta a cumprir a táboa reivindicativa da Comisión de centro de atención especializada da folga de Urgencias do CHUS

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 14: 9 votos (grupo CA), 3 votos (P.S.O.E) e 2 votos (B.N.G.), e cos votos en contra do grupo popular (9 votos), aproba dita MOCION DE URXENCIA:

O Concello de Santiago insta a Xunta a cumprir a táboa reivindicativa da Comisión de centro de atención especializada da folga de Urgencias do CHUS.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente douna por finalizada sendo as 22:00 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández